



ACORDO DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE SECCIÓN DE MEDICINA INTERNA, ÁREA DE CRÓNICOS COMPLEXOS, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 6 DE MAIO DE 2022 (DOG Nº 92, DO 12 DE MAIO), POLO QUE SE CONVOCA O ASPIRANTE AO ACTO PÚBLICO PARA A DEFENSA DO PROXECTO TÉCNICO.

A base sexta da resolución do 6 de maio de 2022 (DOG nº 92, do 12 de maio) da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión do posto de Xefe/a de Sección de Medicina Interna, Área de Crónicos Complexos, dispón que, unha vez nomeada a Comisión de Avaliación, procederase a convocar os aspirantes para a celebración do acto público de defensa do proxecto técnico de xestión da unidade e do currículo profesional.

Polo que antecede, a Comisión

ACORDA

Convocar o aspirante á praza de Xefe/a de Sección de Medicina Interna, Área de Crónicos Complexos, para o acto público de exposición do proxecto técnico de xestión da unidade e do currículo profesional, que terá lugar o día **19 de outubro de 2022, ás 11:00 horas, na sala "Novoa Santos", sita no 4º andar do Hospital Universitario A Coruña**. O tempo máximo de exposición do que disporá o aspirante para a defensa do proxecto será de 40 minutos.

O aspirante deberá vir provisto do DNI ou documento oficial que acredite a súa identidade.

A Coruña, 11 de outubro de 2022
O Presidente da Comisión de Avaliación

Asdo.: Antonio Fernández García

DILIXENCIA: Para facer constar que con esta mesma data procédese a publicación da presente Resolución.

A Coruña, 11 de outubro de 2022

O DIRECTOR DE RR.HH.

Asdo.: Javier Fernández Nistal